Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Dir xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

ALEGACIÓNS AAI Explotación avícola Agolada. Expediente 2026-IPPC-I-32

D/Dª_____, con DNI _____

e enderezo para notificacións en lugar/rúa_____,

nº ____ piso ___ letra___, código postal_____municipio de _____

ante ese órgano presento as seguintes **ALEGACIÓNS:**

Primeira. Emprazamento: unha instalación desta escala a 500 m de Couso e a 1,1 km do núcleo principal de Agolada.

Segundo a propia documentación da promotora, as naves quedan a 500 metros da aldea de Couso e a 1.120 m do núcleo de Agolada (1.097,90 según p. 81 EsIA), onde están o colexio, o centro de saúde e Os Pendellos, conxunto arquitectónico do século XVIII, declarado Ben de Interese Cultural e emblema da vila, no que se celebra cada ano a Feira de Artesanía que organiza a Xunta de Galicia.

Trátase dunha macrogranxa de máis de 365.000 galiñas, 7.593 t/ano de galiñaza (uns 21.000 k/día) emisións de 134 t anuais de amoníaco (cheiro forte que en concentracións altas pode irritar os ollos e as mucosas -páx 23 EIA-) ademais de dispersión de bacterias resistentes aos antibióticos, pó e tráfico pesado. O propio EIA (páx 39) recoñece impactos acumulativos e sinérxicos sobre a saúde humana pola exposición a cheiros e ruídos.

A rosa dos ventos, obtida da aplicación do mapa eólico ibérico, indica que os ventos dominantes son os do leste-nordeste (que se dirixen ao núcleo de Agolada), seguidos dos do suroeste (que apuntan ao núcleo de Couso).

Os estudos científicos indican impactos negativos na saúde da poboación circundante e traballadores/as das explotacións gandeiras intensivas: incremento de problemas respiratorios (asma, neumonías), cancro, enfermidades cardiovasculares, cerebrovasculares e diabetes (nun radio de varios km no caso das tres últimas).

https://repository.lib.ncsu.edu/items/fcffc4c6-d843-410d-83f2-2f265491f821/full; https://researchportal.ukhsa.gov.uk/en/publications/a-systematic-review-of-the-public-health-risks-of-bioaerosols-fro/; https://www.prolekare.cz/casopisy/plos-one/2019-10-3/risk-of-pneumonia-among-residents-living-near-goat-and-poultry-farms-during-2014-2016-115633; https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0013935126006286?via%3Dihub https://pmc.ncbi.nlm.nih.gov/articles/PMC8530906/?utm; https://pmc.ncbi.nlm.nih.gov/articles/PMC12364031/pdf/nihms-2098760.pdf

Ningunha medida correctora pode facer compatible cos usos escolar, sanitario e residencial dos núcleos. O principio de precaución esixe non expor de forma continuada á poboación a estes graves riscos sanitarios.

Segunda. O elevado consumo hídrico nun contexto de escaseza de auga.

Agolada atópase en outubro de 2026 nunha situación de seca prolongada declarada pola Xunta de Galicia, e o consumo anual só desta granxa é de 65.845 m3 anuais o que equivale a un incremento da pobación humana de 1.409 habitantes, un 60% máis da existente. No proxecto recoñécese expresamente que se podería producir un impacto sobre os niveis dos acuíferos pola utilización dos sondeos para a extracción da auga (páx 47 EIA).

A escasa distancia e a nivel inferior con respecto da parcela do proxecto están situados os manantiais dos Pardiñeiros que surte ás casas de Bidueiros; dos Gorgullós (592 m de distancia e 607 m de altitude) e da Fonte Arcada (701 m de distancia e 598 de altitude) que nutren o depósito principal da rede de abastecemento de auga da Agolada, que tería seriamente comprometida a calidade e a cantidade do subministro.

Nun contexto de cambio climático non procede destinar un recurso tan escaso e valioso para os habitantes do territorio como a auga á unha produción industrial deste tipo e magnitude.

Terceira. Portodemouros xa está deteriorado: non cabe engadir unha nova fonte de contaminación na súa conca.

A evidencia técnica dispoñible identifica de xeito consistente á avicultura intensiva como fonte relevante de contaminación das augas superficiais e subterráneas por nitróxeno, fósforo e amoníaco.

A zona de baño de Brocos (Agolada), no encoro de Portodemouros, tivo restricións de baño por cianobacterias e toxinas en 2024, 2025 e 2026, con microcistina detectada en 2024 e 2025 e un máximo de 22,0 mm³/L en 2024 (o límite para non bañarse é 8 mm³/L) segundo información que consta na administración autonómica.

O 24/09/2026 Brocos e as dúas praias das Conchas eran as únicas augas de baño de Galicia con baño prohibido por este motivo, e o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa cualifica o encoro como «peor que bo». O propio EIA sitúa Agolada na conca do Ulla e recoñece que o Arnego, o seu curso principal, remata en Portodemouros (p. 31). O fósforo é o nutriente que decide a intensidade das floracións, e esta granxa xeraría uns 164 t de P_2O_5 ao ano.

O artigo 4.1.a) da Directiva 2000/60/CE e a STXUE do 1/07/2015, C-461/13 (Weser), obrigan a denegar a autorización dun proxecto que poida deteriorar unha masa de auga ou poña en risco o seu bo estado ou bo potencial ecolóxico; A Directiva 91/676/CEE indica, nos seus considerandos 5º e 6º que «a causa principal da contaminación orixinada por fontes difusas que afecta ás augas da Comunidade son os nitratos procedentes de fontes agrarias»; A

STXUE do 23 de abril de 2015, Comisión/Grecia (C-149/14, 36) fixa a doutrina, reiterada en toda a xurisprudencia posterior, de que non é necesario que os nitratos de orixe agraria sexan a causa exclusiva da contaminación para que proceda a designación dunha zona vulnerable; abonda con que contribúan de forma significativa; A STXUE do 22 de setembro de 2005, Comisión/Bélxica (C-221/03, 86-87) cualifica como «significativa» unha contribución agraria do 17 % á contaminación total; Segundo o Informe da Comisión Europea sobre a aplicación da Directiva de nitratos, baseado nos informes dos Estados membros para o período 2016-2019, COM(2021), o 81 % da achega de nitróxeno agrícola aos sistemas acuáticos da Unión Europea está causado pola gandaría; A STXUE do 21 de xuño de 2018, Comisión/Alemaña (C-543/16, 60 e 77) confirma que a eutrofización, por si soa, determina que unhas augas se consideren afectadas pola contaminación a efectos do artigo 3.1 da Directiva; Na STXUE do 21 de xuño de 2018, Comisión/Alemaña (C-543/16, páx 60), declarou que debe considerarse que a contaminación afecta ás augas, cando as masas de auga doce son eutróficas. Na propia sentenza C-576/22, páx 65-69), o Tribunal reitera que da lectura conxunta do artigo 3.1 e do anexo I da Directiva 91/676/CEE se desprende que os Estados membros están obrigados a definir como «augas afectadas pola contaminación» tanto as que presenten un contido en nitratos superior ao previsto no anexo como as augas eutróficas ou que poidan eutrofizarse; e engade que, en caso de eutrofización, os Estados membros están obrigados a adoptar as medidas do artigo 5 da Directiva (é dicir, os programas de acción e, se é necesario, as medidas adicionais e as accións reforzadas) coa finalidade de reverter tal situación.

Cuarta. A granxa sumaríase a unha comarca con alta carga gandeira, que se dispararía en Agolada.

Segundo fontes oficiais (IGE, INE -Censo Agrario 2020-, AGACAL, Consellería do Medio Rural e de Medio Ambiente) e aplicando os coeficientes da Instrución técnica para a correcta xestión ambiental das explotacións gandeiras (ITM-1-2025) da Xunta de Galicia, a macrogranxa proxectada elevaría en Agolada as unidades gandeiras (UGT) un 31,5 % (de 4,78 a 6,28 UGT/ha), o nitróxeno un 44 % (de 195 a 281 kg N/ha) e o fósforo un 50 % (de 97 a 145 kg P_2O_5/ha), sobre a superficie agraria utilizada de 2020.

O Deza, antes da granxa, xa ten 5,56 UGT/ha, 242 kg N/ha e 119 kg P_2O_5/ha, con cinco dos seis concellos por riba de 170 kg N/ha (límite que a Directiva 91/676/CEE fixa nas zonas vulnerables). A Limia, a comarca que verte no encoro das Conchas, ten 4,37 UGT/ha, 229 kg N/ha e 104 kg P_2O_5/ha. O Deza supera á Limia nos tres indicadores e Agolada, coa macrogranxa en tramitación ambiental, superaríaa tamén nos tres (un 39 % máis de fósforo por hectárea). Aplicar os 292 t de nitróxeno anuais da granxa a 170 kg N/ha requiriría unhas 1.720 ha, entre o 46 % e o 51 % de toda a superficie agraria de Agolada, que xa recibe as dexeccións do gando existente.

Quinta. A sentenza de As Conchas.

A STSXG 313/2025, do 11/07/2025 (proc. 4019/2025), declarou vulnerados dereitos fundamentais (arts. 15, 18 e 33.1 CE, en relación co art. 45 CE) pola inactividade da Xunta e da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que, pese a coñecer a situación, non puxeron remedio. Entre as medidas correctoras, a título exemplificativo, a Sala citou unha moratoria de novas autorizacións de explotacións de porcino, vacún ou avícolas, e das súas ampliacións na Limia, ata que se reverta a degradación. O proxecto de decreto da Xunta (versión 09-26) invoca expresamente esa sentenza e, por precaución e pola alta densidade gandeira, propón prohibir na conca da Limia a autorización de novas explotacións porcinas, bovinas e avícolas, con excepcións limitadas como o autoconsumo (disp. adicional primeira).

O Deza está nunha situación semellante ou peor, e Portodemouros segue a traxectoria das Conchas, pero máis rápido: toxina en 2024, un ano despois de entrar en vixilancia, e de novo en 2025 segundo os propios datos da administración autonómica. O nivel de nitratos en Portodemouros non é alto, pero eso é debido a que nun encoro eutrófico as algas consomen os nitratos, e o problema é o fósforo.

A sentenza non impón unha moratoria no Deza, pero os fundamentos da mesma (coñecer unha degradación e non actuar vulnera dereitos fundamentais) son plenamente trasladables, en coherencia e aplicación do principio de precaución. Ademais, a STSXG 547/2021 (Rairiz de Veiga), que a sentenza das Conchas toma como precedente, anulou a resolución que formulaba o informe de impacto ambiental dunha ampliación avícola por valorala illadamente, sen considerar o conxunto de granxas da zona (impactos acumulativos).

E polo exposto, **SOLICITO:**

1. Que se avalíen os efectos acumulativos coas granxas xa existentes no Deza e o resto de municipios que nutren de auga ao encoro de Portodemouros, como obriga a lei de avaliación ambiental, en lugar de estudar a granxa illada.
2. Que se incorporen ao expediente os informes de Augas de Galicia e á Dirección Xeral de Saúde Pública sobre o estado de Portodemouros e os episodios de cianobacterias en Brocos e se teñan en conta antes de ditar resolución.
3. Que se **denegue a autorización ambiental integrada** e que a avaliación de impacto ambiental conclúa en sentido desfavorable.

[Sinatura]